

## INFORMACIÓN PÚBLICA E AUDIENCIA

O Concello de O Barco de Valdeorras ten a vontade de proceder á modificación parcial do Regulamento de réxime interno da piscina climatizada do Barco de Valdeorras para acadar obxectivos que se sinalaron na consulta previa cuxo prazo rematou o día 16 de abril de 2019.

Neste sentido, e de conformidade co previsto no artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ao obxecto de favorecer a participación no citado procedemento, dar audiencia aos cidadáns afectados, solicitar cantas achegas adicionais poidan facerse por outras persoas ou entidades e solicitar a opinión das organizacións ou asociacións recoñecidas por lei que agrupen ou representen ás persoas cuxos dereitos ou intereses lexítimos se vexan afectados pola norma e cuxos fins garden relación co seu obxecto, acórdase a apertura dun período de información pública e audiencia aos afectados de 20 días hábiles, contado desde o día seguinte ao da súa publicación, que se levará a cabo a través da web municipal e a sede electrónica do Concello de O Barco de Valdeorras.

A proposta de modificación se motiva e consiste no seguinte:

O Concello presta dende o ano 2010 o servizo público da piscina municipal climatizada en réxime de xestión indirecta. O contrato de xestión do servizo foi resolto por mutuo acordo con efectos dende o 30 de xuño de 2018. O Concello iniciou a tramitación administrativa precisa para executar determinadas obras para garantir un servizo de calidade, como paso previo á licitación da explotación do servizo.

Logo de ter asinados os dous contratos de obra sobre a instalación, prevese que nos vindeiros meses as obras estean rematadas, polo que procede realizar as actuacións preparatorias precisas para poder licitar a concesión do servizo.

Entre esas actuacións necesarias e previas á licitación se atopa como primeiro paso o establecemento do réxime xurídico do servizo de xeito que aclare expresamente que a actividade de que se trata queda asumida pola Administración respectiva como propia da mesma, determine o alcance das prestacións en favor do administrado e regule os aspectos de carácter xurídico, económico e administrativo relativos á prestación do servizo (artigo 284 da Ley 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público, por la que se transponen al ordenamiento jurídico español las Directivas del Parlamento Europeo y del Consejo 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febrero de 2014; LCSP en diante).

O Concello dotouse dun Regulamento regulador do servizo público da piscina municipal climatizada, denominado "Regulamento de réxime interno da piscina climatizada do Barco de Valdeorras". O Regulamento publicouse no B.O.P. de Ourense núm. 58 de 12 de marzo de 2010.



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E300014E3400K8S9K3E5T1U9 en la Sede Electrónica de la Entidad	<b>FIRMANTE - FECHA</b>	<b>EXPEDIENTE ::</b> 2019SEC00000070
	ALFREDO LAUDELINO GARCIA RODRIGUEZ -Alcalde/Presidente - 17/04/2019 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 17/04/2019 10:08:58	Fecha: 01/04/2019 Hora: 00:00 Und. reg: REGISTRO GENERAL



O regulamento asumiu como propio o servizo declarándoo expresamente "servizo público" (artigo 3), determinou as prestacións que recibirían os usuarios e fixou aspectos de carácter xurídico e administrativos relativos á prestación do servizo. O que non estableceu foi o réxime económico do servizo no que se refire ao custo que para os administrados tería o uso do servizo público da piscina climatizada. Isto foi así por que no ano 2010 a fixación das tarifas podíase determinar mediante a oferta do licitador adxudicatario xa que se lle recoñecía unha natureza xurídica de prezo privado. As demais consideracións económicas fixébanse no anteproxecto, nos pregos técnicos e na oferta do adxudicatario que acompañaron a licitación. A día de hoxe a fixación das contraprestacións económicas que se establezan coactivamente para a utilización do servizo público polos usuarios, segundo o artigo 20 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales e 267 da LCSP, terán a condición de prestacións patrimoniais de carácter público non tributario conforme ao previsto no artigo 31.3 da Constitución e se regularán mediante ordenanza. No caso que nos ocupa, a prestación económica esixida ten carácter coactivo xa que de feito existe un monopolio do servizo de piscina climatizada na área de influencia que xustifica a viabilidade do servizo, estando a piscina climatizada aberta ao público máis próxima fóra da comarca e mesmo da Comunidade Autónoma (piscina climatizada de Toral de los Vados).

Durante o procedemento de aprobación da ordenanza as entidades locais solicitarán informe preceptivo de aquelas Administracións Públicas ás que o ordenamento xurídico lles atribúa algunha facultade de intervención sobre as mesmas (artigo 20.6 do TRLHL).

Polo tanto, faise preciso modificar o regulamento aínda que soamente sexa co obxecto de fixar as prestacións económicas que os usuarios do servizo terán que pagar para facer uso do mesmo para o caso de que o servizo se preste de forma indirecta mediante concesión de servizos e a tarifa sexa percibida polo concesionario.

Aproveitando a modificación preceptiva do regulamento propónse realizar determinadas correccións, actualizacións e melloras na redacción vixente aconselladas, por unha banda, pola normativa vixente que establece novas ou diferentes esixencias ás existentes no ano 2010 e, por outra banda, pola experiencia práctica do servizo que, tralo transcurso de 9 anos dende a súa implantación, demostra a necesidade de realizar pequenas modificacións na redacción de algúns artigos.

Así propónse realizar as seguintes modificacións:

1ª En primeiro lugar, procede corrixir a propia denominación do Regulamento. O Regulamento chámase "Regulamento de réxime interno das piscinas climatizadas do Barco de Valdeorras", cando non soamente norma cuestións de carácter interno se non que fai unha regulación máis ampla que inclúe aspectos xurídicos e administrativos que afectan directamente aos usuarios e fixan o alcance das prestacións do servizo público. Por iso coa modificación pasará a denominarse:



<p>La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E300014E3400K8S9K3E5T1U9 en la Sede Electrónica de la Entidad</p>	<p style="text-align: center;"><b>FIRMANTE - FECHA</b></p> <p>ALFREDO LAUDELINO GARCIA RODRIGUEZ -Alcalde/Presidente - 17/04/2019  serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 17/04/2019 10:08:58</p>	<p>EXPEDIENTE :: 2019SEC000000070  Fecha: 01/04/2019  Hora: 00:00  Und. reg: REGISTRO GENERAL</p>
---	--	---



"Ordenanza reguladora do servizo público municipal da piscina climatizada do Concello do Barco de Valdeorras e do seu regulamento de réxime interno".

2ª No artigo 1 cómpre engadir a referencia a que se pretende con este regulamento dar cumprimento ao artigo 204 da LCSP, é dicir, fixar os aspectos xurídico, económico e administrativo así como o alcance das prestacións deste servizo público. Quedaría redactado como segue:

"Artigo 1.- Obxecto e asunción da actividade como propia.

O obxecto deste regulamento é determinar o alcance das prestacións do servizo público municipal da piscina climatizada, fixar os aspectos xurídicos, económicos e administrativos e regular os dereitos, as obrigas e as condicións nas que os usuarios poderán utilizar as instalacións creadas co fin de fomentar o deporte e a educación física e procurar o desenvolvemento integral da persoa, todo iso consonte coa normativa estatal e autonómica legalmente aplicable, así como coas directivas europeas que resulten de obrigado cumprimento.

O Concello do Barco de Valdeorras asume expresamente como propio o servizo público municipal da piscina climatizada."

3ª Cómpre incluír o aforo máximo do vaso para dar cumprimento ao Decreto 103/2005, de 6 de maio, polo que se establece a regulamentación técnico-sanitaria de piscinas de uso colectivo, que o esixe. Así o artigo 4 quedaría redactado como segue:

" Artigo 4.- Dereitos

Teñen dereito a acceder e usar as instalacións deportivas, para os fins que lles son propios, tódalas persoas físicas, asociacións deportivas, clubs legalmente constituídos, entidades socio-sanitarias e centros educativos, co fin de practicar algún dos deportes contemplados no recinto, así como fomentar a educación física, sempre que se aboen as tarifas establecidas en cada caso e se dea cumprimento á normativa contida neste regulamento, cos condicionantes que se deriven, en caso de xestión indirecta, da oferta presentada polo concesionario.

Con independencia do anteriormente expresado, deberase ter en conta que en ningún caso se permitirá a entrada dun número de usuarios superior á capacidade máxima permitida nas instalacións.

O aforo máximo de utilización simultánea do vaso da piscina é de 100 persoas."

4ª No artigo 5 do regulamento defínese o dereito de admisión. No artigo 55 do regulamento establécense as sancións por cometer as infraccións que se describen nos artigos precedentes. O artigo 55 non se axusta a actual tipificación legal do artigo 141 da Lei 7/1985, de 2 de abril,



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E300014E3400K8S9K3E5T1U9 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

ALFREDO LAUDELINO GARCIA RODRIGUEZ -Alcalde/Presidente - 17/04/2019  
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 17/04/2019 10:08:58

EXPEDIENTE ::

2019SEC000000070

Fecha: 01/04/2019

Hora: 00:00

Und. reg: REGISTRO GENERAL



reguladora das bases de réxime local (LBRL en diante) nin as esixencias xurisprudencias da tipificación das sancións.

Polo tanto, co obxecto de manter a posibilidade de prohibir a entrada de maneira temporal a usuarios que realicen determinadas condutas propónse dar ao artigo 5 a seguinte redacción:

"Artigo 5.- Dereito de admisión.

O Concello se reserva de forma exclusiva a potestade de prohibir o acceso ás instalacións aos usuarios, previo procedemento ao que se lle dará audiencia ao usuario, agás no suposto do último parágrafo deste artigo.

No caso de que se impida o acceso ó recinto das instalacións a algunha persoa, ese impedimento será razoado e motivado, cabendo os recursos que, se é o caso, procedan, segundo a lexislación vixente. O procedemento iniciárase de oficio polo Concello e a prohibición exclusivamente poderá basearse na constatación de que a persoa tivera realizado algún dos feitos que se describen como falta grave ou moi grave nesta ordenanza ou na normativa estatal ou autonómica aplicable ás instalacións deportivas ou para o caso de que o usuario tivera cometido accións ou omisións dentro das instalacións que estean tipificadas como delito. A prohibición do acceso establecerase con independencia de que as condutas realizadas dean lugar ou non á imposición dunha sanción administrativa ou penal. No caso dos feitos realizados puideran ser cualificados como falta grave a prohibición de acceso será de seis meses, para o caso de que os feitos realizados se puideran ser cualificados como falta moi grave a prohibición poderá ser de un a dous anos e para o caso de que a prohibición de acceso dunha acción ou omisión tipificadas como delito poderá ser de dous a catro anos.

O persoal que prestando servizo nas instalacións teña indicios razoables de que algún usuario non se atopa en condicións físicas ou psíquicas para poder utilizar axeitadamente as instalacións poderá impedir o seu acceso e mesmo expulsar das instalacións aos usuarios que non reúnan as condicións esixidas. Este mesmo persoal poderá expulsar das instalacións ás persoas que sexan sorprendidas no mesmo momento no que realicen as condutas que perturben a orde ou realicen accións que incumpran a normativa establecida nesta ordenanza. Para o caso de que o usuario, contra do criterio do persoal do servizo, insista en acceder ou permanecer nas instalacións, o persoal procederá a requirir o auxilio do Corpo da Policía Local do Concello do Barco de Valdeorras. Unha vez solucionada a incidencia procederá o responsable ou director da instalación a realizar un informe no que relate os feitos que poñerá en coñecemento do Concello."

5ª O artigo 6 do regulamento nega o acceso ás instalacións a calquera tipo de animais, pero debe constar a excepción que establece a Lei 10/2003, de 26 de decembro, sobre o acceso ao entorno das persoas con discapacidade acompañadas de cans de asistencia.



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E300014E3400K8S9K3E5T1U9 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

ALFREDO LAUDELINO GARCIA RODRIGUEZ -Alcalde/Presidente - 17/04/2019  
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 17/04/2019 10:08:58

EXPEDIENTE ::  
2019SEC00000070

Fecha: 01/04/2019

Hora: 00:00

Und. reg: REGISTRO GENERAL



Deste xeito quedaría redactado o artigo 6 como segue:

"Artigo 6.- Acceso.

O acceso ás instalacións efectuarase polo lugar sinalado para o efecto dende a vía pública ou dende as demais instalacións deportivas. Con anterioridade ó acceso a calquera das instalacións, deberá adquirirse a entrada que acredite o pagamento do prezo establecido, ou ben exhibir o carné ou bono acreditativos. Queda prohibida a entrada de todo tipo de animais no recinto, coas excepcións recollidas na lexislación reguladora do acceso ao entorno de persoas con discapacidade acompañadas de cans de asistencia. Así mesmo, queda prohibida a entrada de mesas, cadeiras, coches de nenos e similares, os cales, se é o caso, quedarán á entrada, no lugar destinado para iso."

6ª O artigo 12 do regulamento establece a entrada gratuíta aos menores de 3 anos. Esta previsión contradí o estudo de viabilidade económica que establece o previo pago de entrada. Polo tanto cómpre dar unha nova redacción ao artigo 12 que quedaría redactado como segue:

" Artigo 12.- Acceso gratuító

Terán acceso ás instalacións para o exercicio das súas funcións as seguintes persoas:

- O concesionario do servizo.
- Autoridades, funcionarios, técnicos sanitarios, farmacéuticos e similares que acudan no exercicio das súas funcións de vixilancia, control e asistencia.
- Os subministradores de material consumible hixiénico-sanitario ou de calquera outro tipo, exclusivamente para realizar os devanditos labores."

7ª O artigo 14 do regulamento sinala os dereitos dos abonados. É preciso fixar un límite das reservas ou alugueres de xeito que se garanta aos abonados, e tamén indirectamente aos usuarios con entrada libre, o acceso cando exista reservas ou alugueres, ou competicións deportivas.


Co obxecto de establecer límites precisos para a adecuada convivencia dos usuarios, proponse dar a seguinte redacción ao artigo 14:

" Artigo 14.- Dereitos dos abonados.

Os abonados terán os seguintes dereitos:

1. A que se lles entregue o carné acreditativo.
2. Ó acceso ás instalacións, sempre que non se realice nalgún recinto unha competición deportiva entre clubs que o impida.

A estes efectos as reservas para competición deportiva non poderán superar o seguinte:

 <p>La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E300014E3400K8S9K3E5T1U9 en la Sede Electrónica de la Entidad</p>	<b>FIRMANTE - FECHA</b>	<b>EXPEDIENTE ::</b> 2019SEC00000070
	ALFREDO LAUDELINO GARCIA RODRIGUEZ -Alcalde/Presidente - 17/04/2019 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 17/04/2019 10:08:58	Fecha: 01/04/2019 Hora: 00:00 Und. reg: REGISTRO GENERAL



- O máximo de horas diario de reserva será de 4 horas.
- O número máximo de días á semana nas que se poderá reservar será de 3 días.
- O máximo número de rúas de natación que se poden reservar será da metade das rúas da piscina.

Excepcionalmente, cando exista interese público e se trate dunha competición de carácter oficial ou relevancia local ou superior á local, o Concello poderá autorizar aumentar o máximo horario diario, o máximo de días á semana e o máximo de rúas de natación que se poida reservar tendo en conta que, como mínimo, se deberá respectar un mínimo de tres horas diarias de uso completo polos usuarios coa metade das rúas destinadas a baño libre. Para o caso de xestión indirecta tamén se requirirá a autorización do concesionario.

3. A utilizar os vestiarios, servizos e duchas das instalacións, con motivo da práctica dalgún deporte no recinto deportivo.

4. En calquera caso, agás no suposto contemplado no último parágrafo do apartado 2 deste artigo, sempre se dispoñerá do 50% das rúas da piscina para nado libre de abonados e usuarios sen abono con entrada puntual. Computaranse a estes efectos como rúas reservadas, as reservadas para competición, as alugadas e tamén as que se dediquen a cursos de natación.

8ª O artigo 19 dedícase aos dereitos dos clubs deportivos, sen establecer límites á utilización das instalacións. Cómpre establecer límites e dar a seguinte redacción ao artigo:

" Artigo 19.- Dereitos

Os clubs e asociacións deportivas e as entidades socio sanitarias poderán facer uso das instalacións para a realización de adestramentos, competicións, encontros, exhibicións, tratamentos sanitarios, etc., en horarios que non interrompan o desenvolvemento normal das actividades deportivas polos usuarios.

O Concello ou, de ser o caso, o concesionario, asignarán ás devanditas entidades os días e horas oportunos para o exercicio das actividades normais de adestramento e competicións, dentro do horario de funcionamento e sen causarlles prexuízo ós demais usuarios.

Os clubs, asociacións deportivas e entidades socio sanitarias deberán solicitar a reserva das rúas que precisen da piscina tendo en conta que soamente se poderán autorizar para o caso de que se cumpra o seguinte:

- O máximo de horas diario de reserva será de 4 horas.
- O número máximo de días á semana nas que se poderá reservar será de 3 días.



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E300014E3400K8S9K3E5T1U9 en la Sede Electrónica de la Entidad

**FIRMANTE - FECHA**

ALFREDO LAUDELINO GARCIA RODRIGUEZ -Alcalde/Presidente - 17/04/2019  
 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 17/04/2019 10:08:58

EXPEDIENTE :: 2019SEC00000070

Fecha: 01/04/2019

Hora: 00:00

Und. reg: REGISTRO GENERAL



-O máximo número de rúas de natación que se poden reservar será da metade das rúas da piscina.

- Computaranse a estes efectos como rúas reservadas, as reservadas para competición, as alugadas e tamén as que se dediquen a cursos de natación e sempre se dispoñerá do 50% das rúas da piscina para nado libre de abonados e usuarios sen abono con entrada puntual."

9ª O artigo 20 prevé a posibilidade de adoptar acordos ou convenios con entidades deportivas. Debe matizarse que estes acordos poderán ser posibles para o caso de que o réxime de xestión sexa a xestión directa. Quedaría redactado o artigo tal e como segue:

"Artigo 20.- Acordos

Para o caso de que o Concello xestione directamente o servizo poderá con aqueles clubs, asociacións ou entidades socio sanitarias existentes no municipio do Barco de Valdeorras ou que subscriban convenio para o efecto, acadar acordos específicos co Concello do Barco de Valdeorras, para o uso das instalacións sen prexuízo de que deberán abonar as cantidades que procedan."

10ª O artigo 23 fala dos centros educativos establecendo un acceso especial para os alumnos, deixando o importe das tarifas de acceso ao acordo co Concello, e de ser o caso co concesionario. Esta previsión non é axustada a dereito ao precisarse unha ordenanza para o establecemento das tarifas de acceso.

Procede dar a seguinte redacción ao artigo:

" Artigo 23.- Definición

Os centros educativos, previo acordo co xestor do servizo, poderán acceder ás instalacións deportivas sempre que o fagan durante o horario lectivo e acompañados dun profesor ou dunha persoa maior de idade a quen se lle encomende o seu control e vixilancia, que será responsable dos asistentes menores de idade. O importe das contías polo uso das instalacións polos centros educativos determinarase en función do número de rúas de reserva ou aluguer."

11ª Co obxecto de facilitar a xestión do servizo, logo da experiencia práctica, proponse eliminar determinadas esixencias burocráticas no artigo 24 que quedaría redactado como segue:

"Artigo 24.- Requisitos

Coa antelación necesaria ó comezo das competicións deportivas a dirección do servizo formulará a solicitude de reservas de horario e días para a práctica de deportes. O alumnado estará identificado por unha relación que aportará a persoa responsable."





12ª O artigo 26 debe ser modificado xa que non resulta compatible co sistema de xestión indirecta que as entidades, clubs e asociacións presten actividades especiais con alumnos, e o mesmo ocorre co artigo 27 que debe ser eliminado. Por iso daráselle a seguinte nova redacción a este artigo e se derrogará o artigo 27:

" Artigo 26.- Actividades especiais.

Entenderase por actividades especiais aquelas organizadas por entidades, clubs e asociacións diversas debidamente constituídas. As devanditas actividades deberán ser solicitadas polo propio colectivo organizador con, polo menos, 15 días de antelación. Unha vez autorizada a actividade polo Concello o grupo participante accederá ás instalacións, logo de facilitar:

- Relación de participantes. - Relación de monitores. - Relación de responsables. - Copia das licenzas federativas, no seu caso.

No devandito caso, os participantes quedarán obrigados a presenta-la acreditación antes de acceder á instalación. Os monitores serán responsables de que os seus alumnos cumpran coas obrigas e normativas xerais. Os participantes nas devanditas actividades non poderán facer uso da instalación sen a presenza daqueles ou dos responsables autorizados. As devanditas actividades axustaranse ós horarios e fins establecidos polo Concello. En caso contrario, será preceptiva unha autorización expresa.

As actividades especiais exclusivamente poderán realizarse para o caso de que a xestión do servizo sexa directa.

Derrógase o artigo 27".

13ª Incorpórase ao artigo 37 unha limitación no acceso aos vestiarios en relación cos usuarios maiores de 6 anos e o recoñecemento do dereito das persoas transexuais e intersexuais de acceder ao vestiario que corresponda a súa identidade de xénero interior. Quedaría redactado como segue:

"Artigo 37.- Utilización.

Calquera usuario das instalacións deportivas poderá facer uso dos vestiarios asignados a cada sexo, co fin de vestir a roupa deportiva precisa para practicar o deporte requirido.

Os usuarios menores de 6 anos accederán ao vestiario asignado ao sexo da persoa maior de idade coa que accedan ás instalacións.

De conformidade coa opinión maioritaria da comunidade médica as persoas transexuais e intersexuais poderán acceder aos vestiarios do xénero que corresponda á súa identidade de xénero interior.



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E300014E3400K8S9K3E5T1U9 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

ALFREDO LAUDELINO GARCIA RODRIGUEZ -Alcalde/Presidente - 17/04/2019  
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 17/04/2019 10:08:58

EXPEDIENTE ::

2019SEC00000070

Fecha: 01/04/2019

Hora: 00:00

Und. reg: REGISTRO GENERAL





Así mesmo, existirá un lugar destinado ós despachos de billetes para garda-la roupa e demais obxectos persoais dos usuarios das instalacións. Os usuarios dos despachos de billetes serán igualmente responsables da custodia da chave desta, e deberán aboa-la cantidade que se determine pola súa reposición. As devanditas chaves non poderán sacarse das instalacións deportivas. Os asistentes ás instalacións, unha vez aboados o importe da entrada ou exhibido o carné de usuario, deben deposita-la roupa, obxectos, etc.. nos despachos de billetes existentes, custodiando a chave ata que obteñan novamente o depositado no despacho de billetes. Os vestiarios e duchas utilizaranse co fin que lle son propios polos usuarios que o desexen, utilizando a maior dilixencia posible co fin de obter a súa boa conservación. Os usuarios estarán obrigados a repor ó seu mesmo estado os danos que produzan nas instalacións e equipamentos deportivos cando foran ocasionados por unha conduta negligente ou dolosa. "

14ª Logo de ver que o artigo 39 e o artigo 48 se refiren ámbolos dous aos obxectos perdidos, cómpre proceder a refundir os dous nun único artigo. Así propónse derrogar o artigo 48 e dar ao 39 a seguinte redacción:

"Artigo 39.- Obxectos perdidos.

Os obxectos que extravién os usuarios e sexan localizados por algunha persoa, deberán serlles entregados ó encargado das instalacións, quen o comunicará ós usuarios por medio do equipo de megafonía, para que o que acredite ser o seu titular poida recobrar o obxecto perdido. Os obxectos serán almacenados durante un período prudencial e serán entregados á custodia da Alcaldía, mediante a súa entrega á policía local e procederase a dar cumprimento ao previsto na lexislación vixente para os obxectos perdidos."

15ª Cómpre establecer limitacións á hora de realizar cursos por parte do xestor do servizo. Así propónse dar ao artigo 40 a seguinte redacción:

"Artigo 40.- Organización.

O xestor do servizo público poderá organizar cursos deportivos de todas aquelas actividades que demanden os abonados en cantidade suficiente para garantir a viabilidade do curso, sempre que teñan cabida na infraestrutura das instalacións. Os cursos terán unha duración predeterminada e organizaranse tantos grupos como sexan precisos para a correcta realización do curso, dentro dos límites que as propias instalacións impoñen, para o que o monitor sinalará os integrantes de cada grupo. Os cursos realizaranse en horarios compatibles coa maioría de usuarios, sempre que non restrinxan a utilización das instalacións polos usuarios que teñan realizadas as reservas no momento de convocarse o curso. O máximo número de rúas de natación que se poden reservar para cursos será da metade das rúas da piscina, sendo obrigado que a outra metade estea dispoñible para o nado libre."

16ª No artigo 46 débese suprimir a referencia a "non se permite o acceso de animais ó interior das instalacións". Xa hai un artigo dedicado expresamente na ordenanza ao acceso de animais



<p>La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E300014E3400K8S9K3E5T1U9 en la Sede Electrónica de la Entidad</p>	<p style="text-align: center;"><b>FIRMANTE - FECHA</b></p> <p>ALFREDO LAUDELINO GARCIA RODRIGUEZ -Alcalde/Presidente - 17/04/2019  serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 17/04/2019 10:08:58</p>	<p>EXPEDIENTE :: 2019SEC000000070  Fecha: 01/04/2019  Hora: 00:00  Und. reg: REGISTRO GENERAL</p>
---	--	---



(artigo 6) e debe introducirse a prohibición da entrada na zona de baño con calzado de rúa tal e como esixe o Decreto 103/2005. Aproveítase tamén para mellorar a redacción do artigo, que quedaría redactado como segue:

" Artigo 46.- Obrigas.

Os usuarios, tanto individuais como colectivos, deberán cumpri-las seguintes obrigas e normas de utilización:

a) Obrigas:

- Utilizar as instalacións, servizos e equipamento con bo trato e uso correcto.
- Comunicarlles ós empregados das instalacións as anomalías de funcionamento, roturas, deficiencias ou incumprimento do disposto neste regulamento.
- Gardar o debido respecto ós demais usuarios, comportándose adecuadamente para a boa convivencia.
- Cumprir as instrucións do persoal encargado das instalacións.
- O respecto ós empregados das instalacións será en todo momento obrigado, atendendo correctamente ás súas indicacións.
- Identificarse cando llo soliciten os empregados.
- Pagar as tarifas que corresponda ó uso das instalacións.
- Presentar para o correspondente control o documento que permita a entrada nas instalacións.
- Cumprir o estipulado na normativa para o acceso ás instalacións nas diferentes actividades.

b) Normas de utilización:

- Antes de entrar á instalación pasarase obrigatoriamente pola oficina de recepción e identificarse correctamente.
- Os menores de 12 anos deberán ir acompañados por persoas adultas.
- Non se debe introducir, na zona de piscina, envases, comidas nin bebidas.
- Antes de entrar na auga deberase facer uso das duchas.
- Non está permitido fumar dentro do recinto da piscina, nin nos vestiarios, nin nas salas onde se desenvolvan as actividades, nin comer ou beber na zona de praia reservada ós bañistas.
- Para evitar atascos na depuradora e aumentar a hixiene da auga, deberase utilizar gorro de baño.



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E300014E3400K8S9K3E5T1U9 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

ALFREDO LAUDELINO GARCIA RODRIGUEZ -Alcalde/Presidente - 17/04/2019  
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 17/04/2019 10:08:58

EXPEDIENTE ::

2019SEC000000070

Fecha: 01/04/2019

Hora: 00:00

Und. reg: REGISTRO GENERAL



- Dentro da nave da piscina poderase estar en traxe de baño ou en roupa deportiva, utilizando chancletas ou calzado de baño con sola limpa.
- Queda prohibido a entrada na zona de baño con calzado de rúa.
- Débense evitar os xogos perigosos e violentos, e cesar de realizar as actividades que poidan ser perigosas ou violentas cando o persoal do servizo o indique.
- Axustarse ós horarios e itinerarios establecidos.
- Non se permite a realización de exercicios de apneas, salvo aqueles levados a cabo en cursos especializados e con autorización expresa.
- Será obrigatorio depositar nos despachos de billetes as pezas de vestir e demais efectos persoais.
- Unha vez terminada a actividade, os usuarios abandonarán as instalacións nun tempo razoable, nunca superior a 20 minutos.
- Para o caso de padecer algunha enfermidade infectocontaxiosa evitarase o uso da instalación.
- Os lixos e outros desperdicios botaranse nas papeleiras e recipientes destinados para o efecto. "


17ª Procede dar unha nova redacción ao artigo 49 do Regulamento para establecer unha idade máxima de acceso con acompañantes de determinadas persoas cando os acompañantes non van usar o servizo público.

**Artigo 49.- Acompañantes.**

Os acompañantes dos usuarios non poderán acceder ó interior da nave da piscina nin ós vestiarios. Permitirase a entrada de acompañantes ós vestiarios nos casos de usuarios menores de 6 anos de idade cando vaian a realizar cursos e daqueles que presenten dificultades motoras e sexa imprescindible, por tanto, a axuda necesaria para vestirse e espirse. No caso de menores de 6 anos o vestiario a utilizar será o que corresponda ao sexo do acompañante. En casos excepcionais e mediante autorización expresa, os acompañantes poderán acceder ó interior da nave de piscina para axudar a aqueles usuarios impedidos a entrar na lámina de auga. No devandito caso, os acompañantes utilizarán roupa e chancletas ou calzado de baño limpo. En competicións deportivas autorizadas, o acceso ó interior das piscinas será libre, salvo eventos especiais, cualificados así polo concello ou concesionario. Os acompañantes disporán, na medida dos recursos dispoñibles, de zonas de estancias debidamente protexidas das inclemencias do tempo, ata a saída dos usuarios acompañados.

18ª Debe darse unha nova redacción ao réxime sancionador ao non ser compatible co Título XI da LRBRL. O capítulo XII do regulamento quedaría redactado como segue:

 <p>La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E300014E3400K8S9K3E5T1U9 en la Sede Electrónica de la Entidad</p>	<b>FIRMANTE - FECHA</b>	EXPEDIENTE :: 2019SEC00000070
	<p>ALFREDO LAUDELINO GARCIA RODRIGUEZ -Alcalde/Presidente - 17/04/2019  serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 17/04/2019 10:08:58</p>	<p>Fecha: 01/04/2019  Hora: 00:00  Und. reg: REGISTRO GENERAL</p>



"Artigo 53.- Infraccións.

Poderán ser sancionadas as persoas que cometan as infraccións tipificadas nos apartados seguintes deste artigo.

1. Serán infraccións moi graves:

a) Unha perturbación relevante da convivencia que afecte de maneira grave, inmediata e directa á tranquilidade ou ao exercicio de dereitos lexítimos doutras persoas, ao normal desenvolvemento de actividades de toda clase conformes coa normativa aplicable ou á salubridade ou ornato públicos, sempre que se trate de condutas non subsumibles nos tipos previstos no capítulo IV da Lei 1/1992, do 21 de febreiro, de Protección da Seguridade Cidadá. Neste tipo inclúese:

-O tráfico ou consumo de sustancias estupefacientes nas instalacións.

-Realización de actos deshonestos nas instalacións.

-Realizar malos tratos de palabra e obra ó persoal das instalacións e responsables destas.

-Promover ou participar altercados con calquera persoa nas instalacións.

-Facer uso de medios de gravación de imaxe ou son dentro das instalacións, agás expresa autorización do xestor do servizo. Esta autorización en ningún caso afectará as zonas de vestiarios.

b) O impedimento ou a grave e relevante obstrución ao normal funcionamento do servizo público. Entenderase por impedimento aquel comportamento ou actuación que esixa ou do que se derive o peche temporal das instalacións, aínda cando soamente sexa por breve espazo de tempo. Por grave e relevante obstrución entenderase aquela actuación ou comportamento do que se derive a cancelación dalgunha das actividades programadas nas instalacións e que non esixa o peche temporal das mesmas así como os supostos nos que o usuario se negue a abandonar as instalacións á hora do peche ou cando sexa cominado polo persoal que presta servizo nas instalacións para abandonalas e non obedeza a dito persoal, sendo preciso solicitar o auxilio dos Corpos e forzas de seguridade do Estado.

c) O impedimento do uso das instalacións por outra ou outras persoas con dereito á súa utilización.

d) Os actos de deterioración grave e relevante das instalacións, equipamentos, infraestruturas e os seus elementos, sexan sobre mobles ou sobre o inmovible, non derivados de alteracións da seguridade cidadá. A estes efectos enténdese por acto de deterioración grave e relevante calquera deterioración cuxa reparación ou reposición sexa valorada nun importe igual ou superior a 3.000 euros.



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E300014E3400K8S9K3E5T1U9 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

ALFREDO LAUDELINO GARCIA RODRIGUEZ -Alcalde/Presidente - 17/04/2019  
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 17/04/2019 10:08:58

EXPEDIENTE ::

2019SEC00000070

Fecha: 01/04/2019

Hora: 00:00

Und. reg: REGISTRO GENERAL



e) A reincidencia, por comisión no termo dun ano de máis dunha infracción grave cando así fose declarado por resolución firme en vía administrativa.

## 2. Serán infraccións graves.

a) A perturbación ocasionada na tranquilidade ou no pacífico exercicio dos dereitos doutras persoas ou actividades non tipificadas como falta moi grave nin leve.

b) A perturbación causada á salubridade ou ornato públicos por introducir e consumir bebidas alcohólicas ou fumar nas instalacións, utilizar o vestiario reservado a outro sexo, aquelas perturbacións na salubridade ou ornato públicos non tipificadas como falta moi grave ou leve.

c) Perturbación ocasionada no uso do servizo ou do espazo público por parte das persoas con dereito a utilízalos por negativa a exhibir o documento de identificación específica ou o documento que permita a entrada nas instalacións ó persoal de control cando sexa requirido, por facilitar o acceso a persoas sen dereito a acceder á instalación, realizar actividades fóra do horario específico, non atender as indicacións e ordes dadas polos responsables do servizo ou calquera perturbación ocasionada no uso do servizo público por parte das persoas con dereito a utilízalos que non estea tipificada como falta moi grave ou leve.

d) Perturbación ocasionada no normal funcionamento dun servizo público non tipificada como falta moi grave ou leve así como a entrada na instalación sen a obrigada presentación e control do documento identificativo ou documento que permita a entrada nas instalacións ou acceder ás actividades específicas sen abonar a contía que corresponda.

e) Danos ocasionados aos equipamentos, infraestruturas, instalacións ou elementos do espazo e servizo público cando a reparación ou reposición sexa valorada nun importe igual ou superior a 1500 euros.

f) A reincidencia, por comisión no termo dun ano de máis dunha infracción leve cando así fose declarado por resolución firme en vía administrativa.

## 3. Serán infraccións leves:

### 1. Calquera incumprimento das previsións desta norma, e de forma especial:

-A perturbación ocasionada na tranquilidade ou no pacífico exercicio dos dereitos doutras persoas ou actividades non tipificada como falta moi grave nin leve.

-A perturbación causada á salubridade ou ornato públicos non tipificada como moi grave ou grave.



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E300014E3400K8S9K3E5T1U9 en la Sede Electrónica de la Entidad

#### FIRMANTE - FECHA

ALFREDO LAUDELINO GARCIA RODRIGUEZ - Alcalde/Presidente - 17/04/2019  
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 17/04/2019 10:08:58

EXPEDIENTE ::  
2019SEC00000070

Fecha: 01/04/2019

Hora: 00:00

Und. reg: REGISTRO GENERAL



-A perturbación ocasionada no uso dun servizo ou dun espazo público por parte das persoas con dereito a utilizalos non tipificada como moi grave ou grave.

-A perturbación ocasionada no normal funcionamento dun servizo público non tipificada como moi grave ou grave.

-Os danos ocasionados aos equipamentos, infraestruturas, instalacións ou elementos dun servizo ou dun espazo público non tipificada como moi grave ou grave.

Artigo 54.- Prescrición das infraccións.

As infraccións moi graves prescribirán aos tres anos, as graves aos dous anos e as leves aos seis meses; as sancións impostas por faltas moi graves prescribirán aos tres anos, as impostas por faltas graves aos dous anos e as impostas por faltas leves ao ano.

Artigo 55.- Sancións.

Pola comisión de infraccións moi graves: 3.000 euros.

Pola comisión de infraccións graves: de 750 euros ata 1.500 euros.

Pola comisión de infraccións leves: de 100 euros ata 750 euros.

Artigo 56.- Procedemento sancionador.

A imposición de sancións efectuarase mediante expediente administrativo no que, en todo caso, daráselle audiencia ó interesado antes de ditarse o acordo que corresponda.

O expediente iniciárase polo órgano municipal competente como consecuencia da denuncia presentada por calquera usuario ou polo persoal encargado das instalacións ante a dirección destas, que emitirá informe ao respecto.

As sancións por infraccións serán impostas polo órgano competente da Administración municipal.

O procedemento sancionador será ou previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, respectando os principios contidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Artigo 57.- Recursos.

Contra a sanción imposta e sen prexuízo das accións civís ou penais que puidesen corresponder, poderán interperse as reclamacións ou recursos oportunos, conforme ó establecido na lexislación aplicable."

19ª Introdúcese o seguinte capítulo XIII:



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E300014E3400K8S9K3E5T1U9 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

ALFREDO LAUDELINO GARCIA RODRIGUEZ - Alcalde/Presidente - 17/04/2019  
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 17/04/2019 10:08:58

EXPEDIENTE ::

2019SECC00000070

Fecha: 01/04/2019

Hora: 00:00

Und. reg: REGISTRO GENERAL



Capítulo XIII: Prestacións patrimoniais de carácter público non tributario pola prestación do servizo en réxime de concesión de servizos.

Artigo 58.- As tarifas dos abonados.

Para facer uso do servizo público regulado nesta ordenanza en réxime de abonado os usuarios deberán pagar as seguintes tarifas:

a) Matrícula: A matrícula é a prestación patrimonial previa que é preciso pagar polos usuarios para adquirir a condición de abonados. Pagarase cada vez que se dean de alta no servizo. A súa contía ascende a 16,45 euros máis o I.V.E. que corresponda.

b) Cota de mantemento: Para o caso de que a persoa ou a totalidade das persoas incluídas nun bono non vaian a facer uso do servizo durante un mes concreto poderá optar por pagar a cota de mantemento, manténdose así de alta no servizo, sen necesidade de realizar unha nova matrícula, en vez do importe do bono que corresponda. Neste caso non poderá acceder durante o mes de mantemento como abonado ao servizo. A tarifa da cota de mantemento ascende á cantidade 8,18 euros máis o I.V.E. que corresponda por mes no caso dos bonos individuais e 8,18 euros máis o I.V.E. que corresponda por mes e por persoa maior de idade no caso dos bonos que inclúan a máis dunha persoa maior de idade. Para poder acollerse á cota de mantemento deberán comunicalo ao xestor do servizo antes do comezo do mes que corresponda.

c) Bono individual: Permite, durante un mes, ós usuarios en idades comprendidas dende os 22 aos 60 anos facer uso da condición de abonado sen incluír no seu abono a ningunha outra persoa. A tarifa mensual que deberán pagar ascende á cantidade de 22,23 euros máis o I.V.E. que corresponda .

d) Bono individual maiores: Permite, durante un mes, ós usuarios de 60 ou máis anos facer uso da condición de abonado sen incluír no seu abono a ningunha outra persoa. A tarifa mensual que deberán pagar ascende á cantidade de 18,93 euros mais o I.V.E. que corresponda.

e) Bono individual xoves: Permite, durante un mes, ós usuarios en idades comprendidas dende os 12 aos 21 anos facer uso da condición de abonado sen incluír no seu abono a ningunha outra persoa. A tarifa mensual que deberán pagar ascende á cantidade de 18,93 euros mais o I.V.E. que corresponda.

f) Bono mañá individual. Permite, durante un mes, ós usuarios facer uso da condición de abonado soamente en horario de mañá (de apertura a 14:00 horas) sen incluír no seu abono a ningunha outra persoa. A tarifa mensual que deberán pagar ascende á cantidade de 18,93 euros mais o I.V.E. que corresponda.

g) Bono convivencia ou familiar: Permite, durante un mes, a todos os usuarios incluídos no bono facer uso da condición de abonado. A tarifa mensual que se deberá pagar por cada usuario é a seguinte:

O titular maior de idade do bono: 22,23 euros máis o I.V.E. que corresponda.



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E300014E3400K8S9K3E5T1U9 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

ALFREDO LAUDELINO GARCIA RODRIGUEZ -Alcalde/Presidente - 17/04/2019  
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 17/04/2019 10:08:58

EXPEDIENTE ::

2019SEC00000070

Fecha: 01/04/2019

Hora: 00:00

Und. reg: REGISTRO GENERAL





Os cotitulares maiores de idade do bono membros da unidade familiar ou de convivencia: 11,65 euros máis o I.V.E. que corresponda.

Menores de idade da unidade de convivencia ata os 5 anos: gratuíto.

Menores de idade con 6 anos cumpridos e que non alcancen os 18 anos: 8,18 mais o I.V.E. que corresponda.

Terceiro ou máis menores de idade con 6 anos cumpridos e non alcancen os 18 anos: gratuíto.

Para acreditar a unidade de convivencia ou familiar precisárase presentar a documentación acreditativa da convivencia ou do parentesco en liña recta ou en liña colateral ata segundo grao consanguíneo. Así poderase acreditar mediante calquera método válido en dereito como pode ser para a convivencia co empadramento na mesma residencia e para o parentesco mediante o libro de familia ou documentación acreditativa da filiación.

h) Bono convivencia ou familiar maiores: Permite, durante un mes, a todos os usuarios incluídos no bono facer uso da condición de abonado. Poderán acceder a este bono os usuarios que reúnan as características esixidas do bono maior individual e pretendan incluír a unha segunda persoa que reúna as mesmas características e que pertenza a súa unidade familiar ou de convivencia. A prestación mensual a pagar fíxase en 18,93 euros máis o I.V.E. que corresponda.

A acreditación da unidade familiar ou de convivencia realizarase de acordo co que sinala a letra anterior.

Artigo 59.- As tarifas dos usuarios individuais non abonados.

Os usuarios que pretendan facer uso do servizo público regulado nesta ordenanza sen adquirir a condición de abonado deberán realizar o pagamento, segundo proceda, da tarifa pola entrada individual:

-Entrada xeral: 4,12 euros máis o I.V.E. que corresponda.

-Entrada infantil (ata os 5 anos incluídos): 2,47 mais o I.V.E. que corresponda.

-Entrada xeral reducida, destinada a persoas con discapacidade legalmente recoñecida: 2,47 € mais o I.V.E. que corresponda.

A entrada individual dá dereito a facer uso do servizo público regulado nesta ordenanza durante unha hora e media. Para o caso de que transcorrido este tempo o usuario permaneza nas instalacións terá que abonar unha nova entrada.

Artigo 60.- Os cursos de natación e as súas tarifas.

Os cursos de natación serán trimestrais. As persoas que queiran asistir aos cursos que se impartan neste servizo público deberán realizar o pago das tarifas que se reproducen de seguido para cada curso, distinguindo entre abonados e non abonados. Tamén se especifica de seguido o número de sesións á semana para cada curso e a duración mínima de cada sesión:

Nome do curso	Número de sesións por	Duración mínima da sesión	Tarifa trimestral a pagar por cada	Tarifa trimestral a pagar por cada
---------------	-----------------------	---------------------------	------------------------------------	------------------------------------

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E300014E3400K8S9K3E5T1U9 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

ALFREDO LAUDELINO GARCIA RODRIGUEZ -Alcalde/Presidente - 17/04/2019  
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 17/04/2019 10:08:58

EXPEDIENTE ::

2019SEC00000070

Fecha: 01/04/2019

Hora: 00:00

Und. reg: REGISTRO GENERAL



	semana		usuario abonado sen incluír o I.V.E.	usuario non abonado sen incluír o I.V.E.
Natación	Dúas	Unha hora	51,73	103,46
Natación escolar	Unha	Unha hora	29,11	58,22
Natación bebés	Unha	Trinta minutos	35,55	71,10
Natación terapéutica	Dúas	Corenta e cinco minutos	54,99	109,98

Artigo 61. As tarifas polo aluguer ou reserva de rúa por clubs, asociacións deportivas, centros educativos e entidades socio-sanitarias.

As rúas da piscina municipal poderán ser alugadas por clubs, asociacións deportivas, centros educativos e entidades socio-sanitarias.

Fíxase a tarifa polo aluguer de cada unha das rúas da piscina municipal durante unha hora na cantidade de 8,55 máis o I.V.E. que corresponda. A entidade que a alugue será a que faga uso da rúa sen posibilidade de alugar o seu uso a unha terceira persoa.

Ao marxe da tarifa do aluguer será preciso, para o acceso ao servizo público, o pagamento da que corresponda entrada individual por cada un dos usuarios ou a presentación do abono que corresponda.

Artigo 62. Os campamentos e as súas tarifas.

1. Os campamentos son actividades de convivencia que se realizarán dentro da instalación, principalmente na piscina, tendo como obxectivo a natación, diferentes deportes e actividades deportivas, con fins educativos, deportivos e de formación da persoa, dirixida por monitores e que terá como destinatarios/ as a nenos/ as e novos.

O seu desenvolvemento será nas tempadas de vacacións da educación formal e ordinaria (verán, Nadal, Semana Santa), e a súa duración será semanal (de luns a venres) en horario de 9.00 a 14.00 horas.


2. Fíxase a tarifa a abonar por cada usuario por cada campamento en 24,79 euros e 49,58 euros máis o I.V.E. que corresponda segundo sexa abonado ou non abonado.

Artigo 63.- Os talleres e as súas tarifas.

1. Os talleres son programas específicos que se desenvolverán puntualmente utilizando a piscina, tendo como obxectivo a natación en calquera dos fins da mesma (deportivo, terapéutico, preventivo, rehabilitador etc.). A duración de cada taller será de dúas horas, e estará dirixido por monitores especialistas.

2. Fíxase a tarifa a abonar por cada usuario por cada taller en 7,44 euros e 14,88 euros máis o I.V.E. que corresponda segundo sexa abonado ou non abonado.

Artigo 64.- O adestramento persoal e a súa tarifa.



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E300014E3400K8S9K3E5T1U9 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

ALFREDO LAUDELINO GARCIA RODRIGUEZ - Alcalde/Presidente - 17/04/2019  
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 17/04/2019 10:08:58

EXPEDIENTE :: 2019SEC00000070

Fecha: 01/04/2019

Hora: 00:00

Und. reg: REGISTRO GENERAL



1. O adestramento persoal é a realización dunha avaliación e entrevista individualizada para obter, motivar, educar e desenvolver un programa de exercicio seguro e efectivo, de acordo ao estado de saúde, capacidade, necesidades e metas do usuario.
2. Fixase a tarifa a abonar por usuario por cada sesión de 60 minutos de adestramento persoal en 24,79 euros máis o I.V.E. que corresponda.

O Barco, 17 de abril de 2019  
O alcalde

Alfredo L. García Rodríguez



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E300014E3400K8S9K3E5T1U9 en la Sede Electrónica de la Entidad	<b>FIRMANTE - FECHA</b> ALFREDO LAUDELINO GARCIA RODRIGUEZ -Alcalde/Presidente - 17/04/2019 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 17/04/2019 10:08:58	<b>EXPEDIENTE ::</b> 2019SEC000000070 Fecha: 01/04/2019 Hora: 00:00 Und. reg: REGISTRO GENERAL
--	---	--

